

IGFAE INSTITUTO GALEGO
DE FÍSICA
DE ALTAS ENERXÍAS

Plan de Comunicación 2025–2030

ÍNDICE


- Contexto organizativo e xustificación do novo plan 3
- Actividades e tarefas da unidade 4
- Análise da situación 5
- IGFAE 2030 7
 - Misión, visión e valores 8
 - Obxectivos e accións 9
 - Seguimento e avaliación do plan..... 10
- Anexo 1. Accións, obxectivos indicadores e custo 11
- Anexo 2. Cronograma e orzamento15

Data	
10/7/2025	Remitido ao Comité Executivo do IGFAE
14/7/2025	Infórmase á Xunta de Goberno do IGFAE

Contexto organizativo e xustificación do novo plan

Logo da primeira acreditación como Unidade de Excelencia María de Maeztu, en 2017, o IGFAE creou en maio de 2019 a súa Unidade de Comunicación, integrada desde entón na área de Xestión do Instituto.

A contratación dunha persoa responsable para estas tarefas permitiu desenvolver, ata a actualidade, numerosas accións de comunicación e divulgación que melloraron a proxección pública do Instituto. Ao tempo, e en estreita colaboración co persoal de Xestión, este labor tamén contribuíu positivamente no funcionamento interno, complementando o seu xa contrastado prestixio científico internacional. Estas accións enmarcáronse no primeiro Plan de Comunicación do centro, vixente para o período 2020-2024.



Organigrama do IGFAE

A aposta pola comunicación e divulgación da ciencia desenvolvida no IGFAE foi un dos puntos fortes resaltados nas avaliacións que permitiron obter a acreditación como Unidade de Excelencia María de Maeztu para o período 2024-2030, así como a renovación da presenza na rede de centros CIGUS da Xunta de Galicia.

Trala profunda transformación experimentada a partir de 2017, o IGFAE iniciou en 2024 unha nova etapa, que deberá consolidar a súa traxectoria a longo prazo, asentada no plan estratéxico trazado para os vindeiros anos e no financiamento estrutural que garante o desenvolvemento destas accións.

Á dobre acreditación de excelencia estatal e autonómica hai que engadir a apertura da nova sede do Instituto. Estas instalacións suporán un salto cualitativo desde a perspectiva científica, pero tamén permitirán reforzar a aposta pola divulgación cara á sociedade, con novos espazos dedicados a este fin.

Desde a perspectiva da comunicación, estes fitos están acompañados da renovación da identidade visual do IGFAE, que se aplicará na nova páxina web, os diferentes elementos de comunicación utilizados interna e externamente, así como un plan de sinalética adaptado ás novas instalacións.

Baixo estas premisas preséntase o novo Plan de Comunicación, vixente para o período 2025-2030, que pretende acompañar o crecemento científico e organizativo da institución nos vindeiros anos.

O presente plan deberá someterse á aprobación do Comité Executivo e informarse del á Xunta de Goberno do IGFAE.

Actividades e tarefas da unidade

- Elaboración de **novas e notas de prensa sobre a actividade científica e institucional** do centro.
- **Xestión das redes sociais da institución.**
- Redacción, revisión e actualización de contidos da **páxina web** do IGFAE.
- **Comunicación interna:** xestión da axenda de actividades do instituto, difusión de información ao persoal, deseño de materiais de merchandising e relacións con provedores.
- **Boletín quincenal:** compilación de información, edición e envío a suscriptorxs
- Desenvolvemento (guion, produción e edición) de **contidos audiovisuais**.
- **Deseño** de cartelería e materiais de difusión para eventos.
- **Organización de eventos** de divulgación e reunións internas, participación en visitas guiadas e actividades.
- **Relación con medios e gabinetes de comunicación:** difusión de notas de prensa e informacións de interese, xestión de axenda de contactos e de solicitudes de información.
- **Apoio e asesoramento ao persoal do IGFAE** no seu contacto con medios de comunicación, na elaboración de plans de comunicación para proxectos e organización de eventos científicos e/ou de divulgación.
- **Seguimento, compilación e análise de indicadores** de comunicación para os informes anuais do instituto, xustificación de proxectos e financiamento, etc.

Análise da situación

Alén do contexto e xustificación deste novo plan de comunicación, é necesario expoñer unha análise da situación actual, que se realiza a través do método DAFO. E, de forma complementaria, desenvólvese tamén unha análise CAME, co obxectivo de establecer non só un diagnóstico de partida, senón tamén as diversas estratexias e procesos destinadas ao cumprimento do plan.

Deste xeito, constrúese o escenario desexado, ao que se quere chegar a través dos obxectivos e accións trazadas no plan 2025-2030.

DAFO

Fortalezas	Debilidades
Centro mixto da USC e a Xunta.	O tamaño limitado da Unidade de Xestión impide desenvolver máis iniciativas
Dobre acreditación de excelencia (Unidade María de Maeztu e rede CIGUS) durante os vindeiros anos	O sentimento de pertenza ao centro non está consolidado e constatouse unha escasa participación do persoal en actividades de Comunicación e Divulgación.
Proxección científica internacional, con presenza nas meirandes colaboracións experimentais do mundo	Problema coa denominación e o acrónimo, aínda non consolidado entre o público
Unha sede renovada e con gran potencial para iniciativas de divulgación	Notable fenda de xénero.
Captación de talento internacional, cun equipo de persoas de máis de 20 países e varios continentes	Complexidade de comunicar conceptos de física fundamental e de ciencia básica ao público xeral.
Oportunidades	Ameazas
Bo posicionamento ante os grandes retos presentes e futuros da física	Avellentamento do cadro de persoal investigador permanente
Acadar unha maior proxección no mundo hispanofalante e lusófono	Incerteza diante das decisións pendentes sobre grandes experimentos internacionais
Financiamento estable a curto e medio prazo para impulsar actividades de comunicación e divulgación	Crecemento e consolidación doutros centros especializados en física de partículas
Marca renovada e con potencial de desenvolvemento a diversos niveis	Menor interese social na disciplina nos próximos anos
Capacidade de adaptación a novos formatos comunicativos	Dificultades para desenvolver as accións do plan debido á elevada carga de traballo e escaseza de recursos

CAME

Manter fortalezas	Corrixir debilidades
Reforzar as sinerxías coa USC, a Xunta de Galicia / Consellería de Ciencia), e outras redes como SOMMa, CIGUS ou CPAN	Acadar máis recursos que permitan ter maior capacidade para desenvolver o novo plan
Determinar accións aliñadas coas acreditacións de excelencia e os respectivos plans estratéxicos	Impulsar un plan de fomento de participación en actividades de divulgación cara ao persoal do IGFAE
Incrementar a visibilidade do IGFAE nas colaboracións internacionais e o labor que desenvolve o seu persoal	Reforzar o sentimento de pertenza a través de accións de convivencia e consolidación da nova identidade visual
Establecer un plan de musealización e visitas á nova sede, co obxectivo de abri-la á sociedade	Continuar coa aposta polo fomento de vocacións no ámbito da física e aumentar a visibilidade da contribución feminina e de minorías ao Instituto.
Visibilizar a internacionalización do centro a través de diversas accións que poñan de manifesto este potencial	Poñer o acento na ‘tradución’ da física fundamental a unha linguaxe sinxela , con formatos atractivos e rigorosos.
Explotar oportunidades	Afrontar ameazas
Expoñer a participación do persoal do IGFAE nos grandes desafíos da física para os próximos anos	Recoñecer a contribución científica do persoal máis experimentado e aumentar a visibilidade das xeracións máis novas
Aumentar as colaboracións no ámbito da divulgación con centros hispanoamericanos e a lusofonía.	Remarcar a traxectoria científica do IGFAE e o seu potencial presente e futuro
Implementar unha estratexia apoiada pola dispoñibilidade de recursos cara aos vindeiros anos.	Acentuar a comunicación nas áreas máis prometedoras e de maior ‘interese’ social (ex. cuántica, ondas gravitacionais, novos aceleradores, etc.)
Incrementar o recoñecemento da marca IGFAE e a súa potencia visual a nivel externo e interno	Maior dotación de recursos humanos, económicos e materiais para garantir o cumprimento do plan

IGFAE 2030

A natureza da investigación no ámbito da física de partículas, astropartículas e nuclear, áreas nas que traballa o IGFAE, require unha visión de longo alcance. Os progresos no eido teórico, así como a construción das infraestruturas precisas para desenvolver os experimentos cos que constatar ditos avances, son un proceso que se desenvolve durante décadas, moitas veces pensando nas seguintes xeracións de científicas e científicos.

Ao mesmo tempo, a estrutura organizativa destas grandes colaboracións require do traballo coordinado de centos, miles de persoas de moi diversa condición. Isto subliña, por tanto, o papel da ciencia, e en particular a que se fai no IGFAE, como unha ferramenta de cooperación e solidariedade global.

A comunicación das institucións implicadas nestas áreas de investigación debe, por este motivo, aliñarse con este contexto para construír unha mensaxe coherente, tanto na vertente interna como na proxección externa cara á sociedade.

Na liña da premisa de que toda acción é susceptible de comunicar, o presente Plan pretende consolidar de maneira integral a marca 'IGFAE' nos diferentes espazos nos que o persoal do Instituto e o seu labor están presentes, de forma directa ou indirecta.

Preténdese, deste xeito, transmitir a imaxe dun centro aberto, con achegas a moi diversos campos de coñecemento e vontade de intercambio con disciplinas como a arte, a educación e a transferencia de tecnoloxía.

Misión, visión e valores

O presente Plan de Comunicación está aliñado co plan estratéxico trazado polo Instituto para o período 2024-2030, no marco das acreditacións de excelencia María de Maeztu (outorgada pola Axencia Estatal de Investigación do Goberno de España) e da rede CIGUS (outorgada pola Consellería de Educación e Ciencia da Xunta de Galicia).

Con esta base, establécese como marco temporal o período 2025-2030, un lustro que está chamado a ser o dunha nova e profunda transformación e crecemento do Instituto.

Misión: buscar e atopar as respostas ás preguntas fundamentais sobre a natureza física do Universo, dende as escalas máis pequenas, na física de partículas, ata as máis grandes na cosmoxía, e contribuír ao progreso científico e tecnolóxico da sociedade.

Visión: consolidarse nos vindeiros como un centro de referencia, de acorde aos máis altos estándares de calidade, xestión e gobernanza, reforzando a cooperación internacional e o impacto na contorna máis inmediata; e formando, retendo e atraendo ás persoas que contribuirán ao avance da ciencia nas futuras xeracións.

Valores: Compromiso coa sociedade, a través de: integridade no labor científico, institucional e de xestión; concepción da igualdade e a diversidade como eixos transversais do labor investigador; transparencia e rendición de contas; e comunicación e divulgación da ciencia ao conxunto da cidadanía.

Obxectivos e accións¹

A vocación deste plan é transversal, coa visión de abranguer desde os aspectos de maior proxección pública ata os procesos internos da vida diaria do centro. Partindo deste enfoque, para facilitar a aplicación dos obxectivos e accións, así como o seu seguimento e avaliación, establécense dúas liñas principais, con enfoque na comunicación interna e externa.

A premisa de partida é que as accións enfocadas a esta primeira perspectiva (mellora dos procesos comunicativos e de cohesión interna do Instituto) repercutirán positivamente na faceta externa da comunicación.

Cada unha destas liñas leva aparellada un obxectivo principal e dous sub-obxectivos, dentro dos cales se 'etiquetarán' as 25 accións contempladas no plan que se seguirá ata 2030.

LIÑA 1: COMUNICACIÓN INTERNA

Consolidación da identidade do centro e das canles e procesos de comunicación

1.A. Reforzar o sentimento de pertenza ao centro

1.B Optimizar os fluxos de información entre as diferentes áreas, programas e unidades do Instituto

LIÑA 2: COMUNICACIÓN EXTERNA

Incrementar o grao de coñecemento do IGFAE e o seu prestixio, desde a contorna local ata a internacional

2.A Mellorar o coñecemento do Instituto no ámbito local e rexional

2.B Visibilizar a proxección científica estatal e internacional que ten o IGFAE

¹ As accións, a súa adscrición aos obxectivos, os seus indicadores e custo estimado amósanse no Anexo 1 deste documento

Seguimento e avaliación do plan

Cada unha das 25 accións expostas neste plan está asociada a un ou máis indicadores, así como o seu resultado en forma de produto final, para avaliar o seu grao de cumprimento, baixo a responsabilidade da Unidade de Comunicación, co apoio da Unidade de Xestión, o persoal do centro e provedores e colaboradores externos.

Realizarase unha avaliación intermedia, a finais do ano 2027, e outra ao final do período de vixencia do plan. Ambas trasladaranse ao Comité Executivo do IGFAE.

Anexo 1. Accións, obxectivos indicadores e custo

Acción	Obxectivos	Indicadores / produtos	Custo
1. Creación dun dossier e repositorio audiovisual público, e actualización continua do repositorio privado	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (dossier) Nº de descargas / uso dos contidos a nivel interno e externo Nº de ítems dispoñibles	3.000€ (producción) + tempo investido
2. Plan de redes sociais	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (plan) Nº de impactos nas redes sociais do IGFAE (mellora respecto ás cifras previas)	Tempo investido na produción do Plan + custos asociados (producción mencionada nos puntos 1, 3, 20)
3. Reforzo da elaboración de contidos audiovisuais	1A, 1B, 2A, 2B	Nº de contidos elaborados Nº de impactos	2.000€ / ano (producción)
4. Renovación da guía de identidade visual e do catálogo de documentos de uso habitual	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (guía e materiais) Nº de usos dos materiais Visibilidade interna e externa da nova identidade visual	Tempo investido na produción da guía
5. Manual básico de comunicación para persoal investigador (relacións cos medios, organización de eventos, publicación de resultados, etc.)	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (manual) Nº de consultas realizadas polo persoal do IGFAE á Unidade de Comunicación Nº de accións realizadas en base seguindo as pautas do Manual	Tempo investido na produción do manual e no asesoramento ao persoal do IGFAE
6. Actualización e revisión de contidos e información dispoñible na nova páxina web do IGFAE	1A, 1B, 2A, 2B	Nº de novos contidos / seccións publicados Nº visitas á páxina web.	2.000€ / ano (asistencia técnica e mantemento)

Acción	Obxectivos	Indicadores / produtos	Custo
7. Organización de eventos divulgativos e / ou iniciativas culturais vinculadas á física na sede do IGFAE	1A, 1B, 2A, 2B	Nº de eventos (2 x ano) Nº de asistentes	2.000€ / ano (producción)
8. Actualización do catálogo de merchandising do IGFAE	1A, 1B, 2A, 2B	Nº de materiais e unidades producidos Uso dos materiais nas actividades do centro, aumento da visibilidade do IGFAE	5.000€ / ano (producción)
9. Deseño, elaboración e publicación do informe anual, con rendición de contas e resultados	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (informe) Nº de descargas / visualizacións do informe	1.000€ (deseño)
10. Elaboración das estatísticas de participación do persoal do IGFAE en actividades de divulgación e comunicación	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (listaxe anual) Nº de eventos con presenza do IGFAE e cifras de persoal involucrado nestas actividades Nº de asistentes	Tempo investido + dietas e desprazamentos (xa incluídas en punto 7)
11. Organización dun curso anual sobre comunicación / divulgación	1A, 1B, 2A, 2B	Nº de eventos Nº asistentes	2.000€ / ano (formación)
12. Presentación dunha nova proposta ás convocatorias FECYT	1A, 1B, 2A, 2B	Produto final (presentación da proposta) Concesión (ou non) da proposta	Tempo investido no desenvolvemento da proposta
13. Revisión e mellora do Manual de benvinda ao IGFAE	1A, 1B	Produto final (manual) Nº de descargas / visualizacións Produtividade da Unidade de Xestión e integración do novo persoal	Tempo investido na produción do Manual

Acción	Obxectivos	Indicadores / produtos	Custo
14. Mellora na difusión da axenda de eventos internos e externos nas canles de comunicación do IGFAE	1A, 1B	Novo procedemento para a difusión de eventos Nº de eventos difundidos Nº asistentes a eventos	Tempo investido na mellora do procedemento
15. Elaboración, difusión e implementación da estratexia de equidade e diversidade	1A, 1B	Produto final (estratexia) Nº descargas da estratexia Indicadores propios da estratexia	Tempo investido
16. Organización de eventos trimestrais de convivencia e de colaboración entre os diversos programas científicos do centro	1A, 1B	Nº de eventos Grao de mellora na cohesión interna do Instituto	2.000€ / ano (produción)
17. Revisión e mellora da integración entre intranet, a páxina web e a base de datos para as accións de comunicación e divulgación	1A, 1B	Produto final (mellora na comunicación, visualización e visibilidade de contidos)	5.000€ (asistencia e consultoría externa)
18. Incrementar a presenza do IGFAE nos medios de comunicación	1A, 2A ,2B	Nº impactos en medios de comunicación	2.000€ / ano (contidos patrocinados)
19. Acción anual de impacto público no ámbito local / rexional / internacional	1A, 2A ,2B	Nº de persoas alcanzadas Aumento do grao de coñecemento do IGFAE	5.000€ / ano (publicidade, desprazamento + dietas, produción)
20. Elaboración do vídeo institucional do IGFAE	1A, 2A ,2B	Produto final (vídeo) Nº visualizacións Impacto cualitativo do vídeo	5.000€ (produción do vídeo)
21. Plan de musealización do IGFAE e mellora do circuío de visitas guiadas ás instalacións do Instituto	1A, 2A ,2B	Nº de elementos Nº de visitas Impacto cualitativo (enquisas de valoración)	8.000€ (produción e consultoría)

Acción	Obxectivos	Indicadores / produtos	Custo
22. Presenza do persoal do IGFAE en programas educativos / divulgativos no ámbito local	1A, 2A	Nº de eventos con presenza do IGFAE Nº de asistentes Ampliación da rede local e rexional de contactos do IGFAE	2.000€ / ano (dietas + desprazamentos e outros gastos)
23. Reforzo das actividades dirixidas a alumnado preuniversitario, e estudantado do grao de Física e áreas afíns	1A, 2A	Nº de eventos Nº de asistentes	3.000€ / ano (produción) + gastos incluídos no punto 7 (dietas + viaxes)
24. Visibilizar as colaboracións do IGFAE co tecido socioeconómico local (transferencia de tecnoloxía, entidades públicas e privadas, etc.).	1A, 2A	Nº de publicacións Nº de colaboracións visibilizadas Ampliación da rede de contactos do IGFAE	Tempo investido
25. Facer máis patente no eido local e rexional a relevancia internacional do labor do persoal IGFAE	2A, 2B	Nº de mencións á posición do IGFAE como centro de referencia internacional Ampliación da rede local de contactos, aumento do grao de coñecemento do IGFAE	Tempo investido en contacto con medios e demais axentes

Anexo 2. Cronograma e orzamento

OBJECTIVOS	LIÑA 1 COMUNICACIÓN INTERNA: Consolidación da identidade do centro e das canles e procesos de comunicación		LIÑA 2 COMUNICACIÓN EXTERNA: Incrementar o grao de coñecemento do IGFAE e o seu prestixio, desde a contorna local ata a internacional		CRONOGRAMA																							
	1A. Reforzar o sentimento de pertenza ao centro	1B. Optimizar fluxos de información entre as áreas, programas e unidades	2A. Mellorar o coñecemento do Instituto no ámbito local e rexional	2B. Visibilizar a proxección científica estatal e internacional do IGFAE	2025				2026				2027				2028				2029				2030			
					1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
ACCÍONS					CREACIÓN E POSTA A DISPOSICIÓN				ACTUALIZACIÓN CONTINUA																			
1.Creación dun dossier e repositorio audiovisual público, e actualización continua do repositorio privado					ELABORACIÓN DO PLAN				EXECUCIÓN																			
2.Plan de redes sociais																												
3.Reforzo da elaboración de contidos audiovisuais																												
4.Renovación da guía de identidade visual e do catálogo de documentos de uso habitual																												
5.Manual básico de comunicación para persoal investigador (relacións cos medios, organización de eventos, publicación de resultados, etc)																												
6.Actualización e revisión de contidos e información dispoñible na nova páxina web do IGFAE																												
7.Organización de eventos divulgativos e / ou iniciativas culturais vinculadas á física na sede do IGFAE																												
8.Actualización do catálogo de merchandising do IGFAE																												
9.Deseño, elaboración e publicación do informe anual, con rendición de contas e resultados																												
10.Elaboración das estatísticas de participación do persoal do IGFAE en actividades de divulgación e comunicación																												
11.Organización dun curso anual sobre comunicación / divulgación																												
12.Presentación dunha nova proposta ás convocatorias FECYT																												
13.Revisión e mellora do Manual de benvida ao IGFAE																												
14.Mellora na difusión da axenda de eventos internos e de colaboración nas canles de comunicación do IGFAE																												
15.Elaboración, difusión e implementación da estratexia de equidade e diversidade																												
16.Organización de eventos trimestrais de convivencia e de colaboración entre os diversos programas científicos do centro																												
17.Revisión e mellora da integración entre intranet, a páxina web e a base de datos para as accións de comunicación e divulgación																												
18.Incrementar a presenza do IGFAE nos medios de comunicación																												
19.Acción anual de impacto público no ámbito local / rexional / internacional																												
20.Elaboración do vídeo institucional do IGFAE																												
21.Plan de musealización do IGFAE e mellora do circuito de visitas guiadas ás instalacións																												
22.Presenza do persoal do IGFAE en novos programas divulgativos no ámbito local																												
23.Reforzo das actividades dirixidas a alumnado preuniversitario, e estudiantado do grao de Física e áreas afíns																												
24.Visibilizar as colaboracións do IGFAE co tecido socioeconómico local (transferencia de tecnoloxía, entidades públicas e privadas, etc).																												
25.Facer máis patente no eido local e rexional a relevancia internacional do labor do persoal IGFAE																												



OBJECTIVOS	LIÑA 1 COMUNICACIÓN INTERNA: Consolidar a identidade do centro e as canles e procesos de comunicación		LIÑA 2 COMUNICACIÓN EXTERNA: Incrementar o grao de coñecemento do IGFAE e o seu prestixio, desde a contorna local ata a internacional		ORZAMENTO x ACCIÓN	ORZAMENTO TOTAL
	1A. Reforzar o sentimento de pertenza ao centro	1B. Optimizar fluxos de información entre as áreas, programas e unidades	2A. Mellorar o coñecemento do Instituto no ámbito local e rexional	2B. Visibilizar a proxección científica estatal e internacional do IGFAE		
	ACCÍONS					
1.Creación dun dossier e repositorio audiovisual público, e actualización continua do repositorio privado					3.000 €	3.000,00 €
2.Plan de redes sociais					-	-
3.Reforzo da elaboración de contidos audiovisuais					2000€ / ano	12.000,00 €
4.Renovación da guía de identidade visual e do catálogo de documentos de uso habitual					-	-
5.Manual básico de comunicación para persoal investigador (relacións cos medios, organización de eventos, publicación de resultados, etc)					-	-
6.Actualización e revisión de contidos e información dispoñible na nova páxina web do IGFAE					2000€ / ano	12.000,00 €
7.Organización de eventos divulgativos e / ou iniciativas culturais vinculadas á física na sede do IGFAE					2000€ / ano	12.000,00 €
8.Actualización do catálogo de merchandising do IGFAE					5000€ / ano	30.000,00 €
9.Deseño, elaboración e publicación do informe anual, con rendición de contas e resultados					1.000 €	1.000,00 €
10.Elaboración das estatísticas de participación do persoal do IGFAE en actividades de divulgación e comunicación					-	-
11.Organización dun curso anual sobre comunicación / divulgación					2000€ / ano	12.000,00 €
12.Presentación dunha nova proposta ás convocatorias FECYT					-	-
13.Revisión e mellora do Manual de benvida ao IGFAE					-	-
14.Mellora na difusión da axenda de eventos internos e externos nas canles de comunicación do IGFAE					-	-
15.Elaboración, difusión e implementación da estratexia de equidade e diversidade					-	-
16.Organización de eventos trimestrais de convivencia e de colaboración entre os diversos programas científicos do centro					2000€ / ano	12.000,00 €
17.Revisión e mellora da integración entre intranet, a páxina web e a base de datos para as accións de comunicación e divulgación					5.000 €	5.000,00 €
18.Incrementar a presenza do IGFAE nos medios de comunicación					2000€ / ano	12.000,00 €
19.Acción anual de impacto público no ámbito local / rexional / internacional					5000€ / ano	30.000,00 €
20.Elaboración do vídeo institucional do IGFAE					5000	5.000,00 €
21.Plan de musealización do IGFAE e mellora do circuito de visitas guiadas ás instalacións					8.000 €	8.000,00 €
22.Presenza do persoal do IGFAE en novos programas divulgativos no ámbito local					2000€ / ano	12.000,00 €
23.Reforzo das actividades dirixidas a alumnado preuniversitario, e estudiantado do grao de Física e áreas afíns					3000€ /ano	18.000,00 €
24.Visibilizar as colaboracións do IGFAE co tecido socioeconómico local (transferencia de tecnoloxía, entidades públicas e privadas, etc.)					-	-
25.Facer máis patente no eido local e rexional a relevancia internacional do labor do persoal IGFAE					-	-
						184.000,00 €